

## Novas do convenio colectivo estatal de centros de asistencia e educación infantil etapa 0-3:

**1º - Acadada na Audiencia Nacional a adaptación salarial regulada na disposición final 5ª e na transitoria 9ª, agás para as táboas de xestión indirecta en base a unha resolución da Comisión Paritaria.**

**2º - Constitución da mesa negociadora do XIII convenio.**

**1º - Resolúcións das dúas sentenzas da Audiencia Nacional tras demandas presentadas polas OO.SS, ás que nos adherimos dende a CIG-Ensino.**

As patronais do sector incumpriron o que asinaron neste mísero XII convenio. Amosaron un total desprezo e desconsideración coa representación sindical e cos traballadores e traballadoras en xeral, intentando dilatar e retrasar o máximo posible esta obriga e deber de facer unha nova adaptación salarial nas táboas actuais en vigor. Agora, tras unha sentenza da Audiencia Nacional (AN), deberán actualizar as “táboas salariais xerais” e de “obras sociais” (caixas aforros) incrementándoas o 5,5% de suba, segundo recolle a disposición final 5ª e transitoria 9ª. Esta suba deberá facerse dende o mes de setembro de 2021, cos atrasos que correspondan no prazo de 2 meses dende que se publiquen as novas táboas no BOE.

Dende a CIG-Ensino, exiximos a inmediata sinatura das mesmas unha vez sexa firme a sentenza da AN. Con este incremento salarial o SMI (1000€ dende xaneiro do 2022) verase tamén saldado, nas categorías máis baixas, ao quedar sobrepasado. Na segunda sentenza da Audiencia Nacional desestimouse a demanda na que só os sindicatos que non asinamos o XII convenio reivindicabamos a aplicación da disposición final 5ª ás táboas

salariais de “xestión indirecta” tal cal recolle na súa literalidade. O triste de todo isto foi desestimou o xuíz debido a que os sindicatos asinantes do convenio, UGT – USO e FSIE, foron cómplices das patronais ao recoñecer todos nunha resolución por escrito da Comisión Paritaria do XII convenio (só a integran os asinantes, sendo a CIG o único que defende que deberían ser todos os negociantes) que ese 5,5% desta disposición final 5ª, non sería de aplicación para as táboas de “xestión indirecta” en base a que o “espírito da negociación” non era ese, corrixindo a literalidade do texto desta disposición final 5ª. As OO.SS que demandamos entendemos que esa resolución excede as funcións da Comisión Paritaria, polo que valoraremos dende a CIG-Ensino o recurrir a mesma.



## 2º - Constitución da mesa negociadora do XIII convenio.

O pasado día 21/06/2022 quedou constituída a mesa negociadora do XIII convenio, na que nos mantemos as mesmas OO.SS : CIG-Ensino, CCOO, UGT, USO e FSIE e tamén as patronais. Teremos a 1ª mesa negociadora deste novo convenio o 13 setembro. Dende a CIG demandamos que ten que haber un cambio de rumbo nas negociacións do mesmo e que se loite sindicalmente dende o 1º momento por dignificar este sector, cousa que vemos difícil como sempre denunciámos neste marco de negociación e máis coas diferenzas, tensións e actitudes actuais dos maioritarios. Ogallá erremos!!! É por iso que defendemos un Marco Galego de Negociación como única vía de negociación real, na

que non se suplante ás traballadoras e traballadores, na que se defendan os seus intereses, non se vendan e intercambien, sendo eles e elas mesmos quen decidan (non cúpulas sindicais coma no estatal), para poder dignificar o sector cun Convenio Galego xusto e digno.

Para isto precisamos máis representación sindical, ser maioritarios no sector en Galiza, para reforzar o noso modelo sindical asembleario, reivindicativo e combativo, fronte ao pactista e entreguista das demais OO.SS estatais.

**Nós imos loitar en Madrid por dignificar este XIII convenio, pois representarémovos coma sempre, en todas as mesas, levando as vosas reivindicacións e informando das mesmas puntualmente.**



### OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)